

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO CIRUXÍA VASCULAR SEGUNDO NO MUNDO EN IMPLANTAR UNHA NOVA ENDOPRÓTESE DE AORTA ABDOMINAL E O RETRANSMITE PARA HOSPITAIS DE EUROPA, ASIA E LATINOAMÉRICA

- *O Hospital Clínico foi escollido para o lanzamento internacional deste novo sistema*
- *Lévanse realizadas 3 intervencións con este procedemento minimamente invasivo denominado Minos, que mellora o postoperatorio dos pacientes e reduce a agresividade da intervención*

Santiago, 14 de agosto de 2020.- O Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza foi seleccionado para o lanzamento internacional dunha nova endoprótese de aorta chamada “Minos”. Esta prótese está deseñada para o tratamento de aneurismas de aorta abdominal e, segundo o xefe do servizo, Nilo Mosquera “representa a última tecnoloxía que se pon a disposición dos médicos para o tratamento desta patoloxía, grave e complexa, que afecta ao 6% da poboación de máis de 65 anos, fundamentalmente masculina, e cuxo diagnóstico e tratamento precoz é primordial xa que a rotura dun aneurisma de aorta pode implicar unha mortalidade superior ao 50%”.

O equipo cirúrxico do servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular liderado polos doutores Nilo Mosquera e Jorge Fernández Noya realizou os 3 primeiros implantes e os doentes foron operados sen complicacións e xa recibiron a alta a domicilio. Dous destes procedementos foron retransmitidos dende un quirófano do Clínico para máis de 20 centros hospitalarios de Europa, Asia e Latino América, onde máis de 100 profesionais expertos neste campo puideron compartir a experiencia clínica do CHUS e formarse no uso deste novo dispositivo.

Os tres procedementos realizáronse cun novo sistema de moi pequeno formato, minimamente invasivo, que permite introducir dito dispositivo a través da arteria de ata 4 mm de diámetro, e facer a intervención sen necesidade de incisións cirúrxicas, mediante punción de forma similar á que se realizan nos cateterismos coronarios. O doutor Mosquera indica que “o pequeno calibre da prótese facilita a eficacia dos peches percutáneos arteriais, o cal mellora moito o postoperatorio dos pacientes pois reduce a agresividade da intervención”.

Este novo sistema protésico, do que aínda non dispón ningún outro centro de España, facilita os pasos do implante, simplifica o procedemento e fai que se poidan levar a cabo estas reparacións de aneurisma de aorta abdominal reducindo o tempo de intervención e incrementando a seguridade para o doente.

Uso do CO2 como contraste

Outra das técnicas innovadoras que se utilizaron durante estes procedementos foi o uso do CO2 como medio de contraste para visualizar as arterias e liberar correctamente o dispositivo de reparación aórtica sen danar a función renal, xa que é un medio de contraste 100% biocompatible co corpo humano e que se elimina a través dos pulmóns ao contrario que o iodo que se utilizaba ata agora.

O Servizo de Cirurxía Vascular de Santiago de Compostela foi pioneiro na utilización deste sistema de contraste que, grazas á súa eficacia, está a implantarse noutros centros hospitalarios. **Saúdos**